

FORTALECIMENTO DE EQUIPOS

VII EDICIÓN

De febreiro a maio de 2027

Unha das manobras máis importantes na náutica a vela é a virada, que consiste en cambiar de rumbo.

A virada ten varias formas de realizarse, xestionando as velas e a tripulación para aproveitar os ventos.

2027

VIRADA EQUIPOS

As organizacións, e os equipos en concreto, enfróntanse a retos e desafíos que requiren de competencias de liderado compartido.

Para que un equipo poida ser de alto rendemento, hai que combinar a orientación á tarefa (obtención de resultados) e o coidado da relación (interaccións saudables).

Equipos afectivos e efectivos que alcanzan a calidade desde a calidez

VIRADA Equipos é un Programa que incorpora enfoques e ferramentas que proveñen do Desenvolvemento Organizacional e do Coaching de equipos.

VIRADA Equipos sitúa no centro do acompañamento ás persoas e equipos. É unha invitación para que o equipo reflexione, xere un pensamento crítico, e estimule diferentes puntos de vista que lles dean máis posibilidades no seu crecemento.

VIRADA Equipos promove o sector da economía social, tomando como punto de partida e clave do proceso, a creación de vínculos, a aprendizaxe colaborativa e o intercambio de recursos.



DIRIXIDO A...

Equipos naturais de traballo, preferentemente, de entidades de economía social.



01 — Equipos naturais

Equipo de dirección, equipo técnico, equipo de proxecto, equipos de centro ou servizo, Xunta directiva, Padroado, Asemblea de socias cooperativistas, Consello reitor, equipo de innovación, ...



02 — Entidades de economía social

Cooperativas, sociedades laborais, mutualidades, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores e entidades do terceiro sector: asociacións, fundacións, ...

0 número de prazas está limitado

Máximo de 5 equipos
e 30 participantes

Máximo de 2 equipos
por entidade

Mínimo de 3 persoas
por equipo

**ALGALIA resérvase o dereito de suspender a edición
do programa por razóns organizativas**

ACTIVIDADES

VIRADA Equipos pretende promover unha intervención con pegada e impacto nas persoas, equipos e organizacións, polo que as súas actividades desenvólense nun intervalo de intervención de 4 meses.

O Programa celébrase entre **febreiro e maio de 2027**.

As principais actividades a desenvolver son:

Avaliación de roles de equipo Belbin

Autocoñecemento ao servizo da complementariedade dos talentos.

Encontros Outdoor

Formación vivencial e desenvolvemento de dinámicas grupais, en xornadas de dous días con estadía incluída en [Caldaria Laias](#).

Sesión de coaching de equipos

Acompañamento personalizado a todos e cada un dos equipos das entidades participantes no seu espazo de traballo habitual.

ITINERARIO

Primeiro
Outdoor



Segundo
Outdoor



Sesión de
coaching
de equipo



Sesión de
coaching
de equipo



CONTIDOS

1

A NOSA MIRADA AO EQUIPO E Á REDE

- Premisas previas para a xestión do cambio:
 - Aprender a aprender.
 - O cambio de observador.
- As competencias conversacionais nos equipos.
 - Propoñer e indagar.
 - As declaracións (a fala).
 - A escoita.

EQUIPO: IDENTIDADE E FUNCIONAMENTO

- O funcionamento dun equipo:
 - Os sistemas.
 - A historia.
 - Cultura e valores.
 - Hábitos e normas.
- A interacción no equipo:
 - Peticións e ofertas.
 - As promesas: O ciclo de coordinación de accións.
 - A confianza.

2

3

INTERACCIÓN, RELACIÓN E DINÁMICA DE EQUIPO

- A complementariedade dentro do equipo.
- Os xuízos e a avaliación como equipo.
- O modelo gañar- gañar.
- Os roles.
- Talentos e debilidades: dous polos.
- As emocións e as relacións.
- As relacións entre os equipos.
- Sinerxías de equipos e redes.
- Fortalecemento de rede: Do eu ao nós.

VISUALIZACIÓN DA APRENDIZAXE, COMPROMISOS FUTUROS

- Sistemas: Identificación e recoñecemento dos distintos sistemas de pertenza e relación.
- Visualización da aprendizaxe e compromisos en cada equipo: Análise do proceso e ferramentas adquiridas e compartidas nas sesións presenciais.
- Visualización da aprendizaxe na rede e compromisos futuros: A importancia do compartir os seguintes pasos, retos e ilusións.

4

CALENDARIO 2027

Xaneiro							
	L	M	M	J	V	S	D
53					1	2	3
1	4	5	6	7	8	9	10
2	11	12	13	14	15	16	17
3	18	19	20	21	22	23	24
4	25	26	27	28	29	30	31

Marzo							
	L	M	M	J	V	S	D
9	1	2	3	4	5	6	7
10	8	9	10	11	12	13	14
11	15	16	17	18	19	20	21
12	22	23	24	25	26	27	28
13	29	30	31				

Maio							
	L	M	M	J	V	S	D
17						1	2
18	3	4	5	6	7	8	9
19	10	11	12	13	14	15	16
20	17	18	19	20	21	22	23
21	24	25	26	27	28	29	30
22	31						

Febreiro							
	L	M	M	J	V	S	D
5	1	2	3	4	5	6	7
6	8	9	10	11	12	13	14
7	15	16	17	18	19	20	21
8	22	23	24	25	26	27	28

Abril							
	L	M	M	J	V	S	D
13				1	2	3	4
14	5	6	7	8	9	10	11
15	12	13	14	15	16	17	18
16	19	20	21	22	23	24	25
17	26	27	28	29	30		

Xuño							
	L	M	M	J	V	S	D
22		1	2	3	4	5	6
23	7	8	9	10	11	12	13
24	14	15	16	17	18	19	20
25	21	22	23	24	25	26	27
26	28	29	30				

- 2 Festivo nacional
- 2 Festivo local/autonómico
- 2 Entroido
- 2 Semana Santa

 Outdoor Caldaria Laías

EQUIPO VIRADA



www.edefundazioa.org

ANDER MIMENZA

É responsable de BIDERA (Liderado e Emprendizaxe Social) e desenvolve o seu labor na área de Organizacións e persoas profesionais de EDE Fundazioa acompañando procesos de fortalecemento organizacional. Compaxina este labor de coordinación e consultoría coa de coaching e facilitación de cursos: planificación estratéxica, comunicación e mercadotecnia, liderado, competencias conversacionais, perspectiva sistémica, etc. É investigador en cultura e desenvolvemento organizacional, así como coach ontolóxico, sistémico e PNL.

ITZIAR GARAY

Desenvolve o seu labor na área de Organizacións e persoas profesionais de EDE Fundazioa acompañando procesos de fortalecemento organizacional. Facilita procesos de cambio persoal, de equipo e organizacional a través de metodoloxías de coaching (ontolóxico, sistémico, destreza emocional e PNL). É experta en sistemas de xestión de calidade. Acompaña aos equipos a través do Visual Thinking e é facilitadora gráfica de procesos organizacionais.



www.algalia.com

MIGUEL BARBOSA

É consultor de desenvolvemento organizativo en ALGALIA e responsable da área de Consultoría. Consultor de persoas e procesos, e coach. Diplomado en Ciencias empresariais (especialidade de Recursos humanos) (UdeVigo), e Relacións Laborais (UdeVigo), Posgrao en coaching de equipos (Mondragon Unibertsitatea), Máster en Calidade (INGAFOR), Máster en Xestión Ambiental (INGAFOR) e Máster en Prevención de Riscos laborais (INGAFOR). É formador en diferentes Máster e Cursos superiores de Calidade, prevención de riscos laborais, recursos humanos e medioambiente.

DAVID PEREIRO

É responsable do Programa VIRADA, consultor de estratexia e coach na área de Consultoría de ALGALIA. Facilita procesos de reflexión estratéxica, elaboración e avaliación de proxectos para entidades de economía social e administracións públicas. É educador social, licenciado en Filosofía (USC), Posgrao en Programas de Intervención Familiar (UDC), Máster en consultoría e xestión de procesos de desenvolvemento organizacional (Universidade de Valladolid), Máster en coaching de persoas e equipos (Mondragon Unibertsitatea) e Posgrao en coaching de equipos (Mondragon Unibertsitatea).

BEGOÑA SUÁREZ

É xerente da Asociación AMIPA desde 2009 e colaboradora de ALGALIA como coach desde 2018. Desenvolveu o seu labor profesional na administración local e como formadora en diversos cursos relacionados co ámbito xurídico e social, na administración local e en entidades non lucrativas. Licenciada en Dereito (USC), Máster en Dirección e Xestión de Centros, Recursos e Servizos para a Atención á Dependencia (USC), Máster en coaching de persoas e equipos (Mondragon Unibertsitatea) e Curso de experto en coaching de sistemas relacionais e de equipos (Mondragon Unibertsitatea).

LAURA RAMÍREZ

É directora técnica en Alento, Asociación de Dano Cerebral dende 2015, ademais de responsable e formadora da Escola DCA na mesma entidade. Dende 2024, é colaboradora de Algalia como coach. Licenciada en Psicoloxía (UCM) con certificado de Habilitación Sanitaria e Máster en sexología e terapia sexual, leva exercendo o seu labor profesional dende 2005 ata a actualidade, sempre en ámbitos do terceiro sector. Cursou o Máster en Coaching de persoas e equipos de Mondragón Unibertsitatea e está acreditada como Facilitadora de Mindfulness pola International Practitioners of Holistic Medicine (IPHM).

PREZO

O prezo total de inscrición de **1 equipo de ata 5 membros é de 7.500 €.**

A partir dese número, o prezo de inscrición increméntase a **1.275 € por cada persoa a maiores.**

Para realizar a inscrición, contacte co responsable do programa.
O prazo de inscrición remata o **12 de febreiro de 2027.**

A inscrición inclúe para cada equipo participante:

- Informes de Roles de equipo Belbin (Informe individual para cada membro do equipo; Informes de complementariedade entre membros do equipo e Informe de equipo).
- 48 horas de formación presencial en formato Outdoor.
- 3 estadías de 2 días (1 noite) para todo o equipo en Caldaria Laias.
- 6 horas de Coaching de equipo en 2 sesións.
- Materiais de consulta en liña.

Ademais:

Fundación Estatal
PARA LA FORMACIÓN EN EL EMPLEO



- Este programa pode ser bonificado pola Fundación Estatal para a Formación no Emprego.
- O importe a bonificar será calculado especificamente para cada entidade durante o proceso de inscrición.
- A bonificación pode ser xestionada por ALGALIA.



Inscrición

Responsable do Programa
David Pereiro

687 879 414

david.pereiro@algalia.com